

## Medicina

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Nacidas (Responso para as persoas)*

San Bartolomeo se levantó,

sus manos y sus pies lavó,

Cristo le preguntó:

A donde vas san Bartolomeo?

Vou al cielo.

Non vais non, tes un fillo varón

criado con boa bendición.

*(Persignándose)*

Pido a Dios e á Virgen Santísima

suerte y saludiña.

Con perdón de Dios e da Virgen María,

un padrenuestro e unha Ave María.

*(Hai que dicilo tres veces sen se enganar e ao final persignarse)*

Recollido de Dolores Sánchez Sánchez, nacida en Barallobre, Carballo, concello de Friol (Lugo) en 1914 e falecida en Lugo en 2011. Exerceu de menciñeira moitos anos, e foi moi recoñecida en toda a bisbarra, en

especial pola súa man e pola eficacia do resposno contra as nacidias do gando tanto na xente como nos animais.

Chámase nacidias (carbunco, lobado) a unha enfermidade infecciosa provocada polo *bacillus anthracis* que padece o gando vacún e ovino. Esta doenza pódese transmitir aos humanos que teñen contacto con animais enfermos.